

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DA CORPORACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A violencia contra as mulleres, nas súas múltiples formas, é unha lacra social e política que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade e que fomenta a submisión das mulleres, un sistema no que, como consecuencia dunhas relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas, as mulleres son discriminadas, marxinalizadas e, no seu grao extremo, mesmo asasinadas.

A violencia contra as mulleres non se pode explicar exclusivamente en función de relacións persoais ou afectivas porque radica na situación estrutural de desigualdade das mulleres na sociedade. Non é, por tanto, un feito que deba ficar na esfera do privado senón un grave problema social, e como tal compete a toda a sociedade, máxime cando é unha realidade que afecta a todas as clases sociais.

A violencia contra as mulleres ten a súa expresión máis visible nos actos sexistas que teñen, ou poden ter, como consecuencia, un dano ou un sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, mais cómpre lembrar que se alimenta todos os días de pautas económicas, sociais e culturais que perpetúan a invisibilidade e a discriminación das mulleres polo único feito de o seren.

Pola súa persistencia na nosa sociedade, segue sendo necesario conmemorar a data do 25 de novembro, "Día Internacional da non Violencia contra as Mulleres", para lembrar, reflexionar e remover as consciencias mentres non sexamos capaces de rematar con esta lacra social. Mais para conseguilo é preciso que nos involucremos individual e colectivamente, e é imprescindible que as Administracións públicas poñan todas as medidas necesarias para previr e paliar a violencia contra as mulleres coadxuvando a transformar esta sociedade na procura dun outro mundo baseado nunhas relacións máis xustas e igualitarias.

Por iso, o Pleno da Corporación municipal adopta os seguintes acordos:

- ✍ Solicitar ao Goberno central a creación do Observatorio estatal contra a Violencia sobre a Muller para completar a posta en marcha de todos os instrumentos previstos na Lei integral contra a violencia de xénero.
- ✍ Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación, á maior brevidade posible, en canto sexa transferido, do Fondo Estatal creado co obxectivo de colaborar orzamentariamente no funcionamento dos Servizos de Atención Integral cunha planificación adecuada ás necesidades territoriais para garantir o dereito da muller maltratada a ser atendida.

CONCELLARIA DA MULLER

- ✍ Impulsar a coordinación entre todas as administracións públicas, cada unha no marco das súas competencias, para actuar en todas as fronteiras co fin de previr o maltrato, protexer ás vítimas e castigar o delito.
- ✍ Reforzar por parte do Concello de Santiago as iniciativas e programas que xa están en marcha e, en concreto, as actuacións contidas na área de prevención da violencia de xénero do vixente Plan de igualdade de oportunidades, actuacións encamiñadas a visibilizar a violencia contra as mulleres e a comprometer á sociedade no seu conxunto na súa desaparición.

Voceiro do PSG-PSOE,

Voceiro do BNG,

Voceiro do PP,

Luis Tojo Ramallo

Néstor Rego Candamil

Dositeo Rodríguez Rodríguez